



*Nasín cando as prantas nase*

# O herbario de Rosalía

María López-Sandez, M<sup>a</sup> Isabel Fraga Vila  
e Miguel Fraga Vila (fotografía)



## Exposición Herbario de Rosalía



A realización do herbario xurdiu no marco dun proxecto de investigación da Universidade de Santiago de Compostela. Cunha traxectoria previa de estudo da figura e obra de Rosalía de Castro, o actual proxecto céntrase nas Humanidades Dixitais e o uso de Sistemas de Información Xeográfica así como Bases de Datos como instrumento de estudo e análise. Coa finalidade de elaborar un herbario artístico ligado á obra e figura de Rosalía, levou a cabo un baleirado completo da obra, elaborouse unha base de datos coas mencións das distintas especies na súa produción poética e en prosa, e mesmo revisouse a súa epistolario e os seus artigos de prensa. Tras un estudo de frecuencia e distribución, elaborouse o propio herbario, proceso dirixido por María Isabel Fraga Vila, profesora de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela que durante anos dirixiu o Museo de Historia Natural da Universidade. A elaboración requiriu a recollida de flores e plantas seguindo un ciclo anual e levou a cabo privilexiando os espazos rosalianos (así, varias das plantas da serie "Herbiñas do camposanto" foron efectivamente colleitadas no cemiterio de Adina e outras moitas, en xeral, nas marxes do Sar en espazos que transitou a propia autora).



## O Herbario



O herbario consta de 150 pregos que se acompañan de cartelas nas que se inclúen citas das obras, buscando unha representatividade da produción en verso e en prosa, en galego e en castelán. Desenvolvéronse diversas series específicas pola representatividade e importancia que adquiren nos textos: unha consagrada ás rosas (a especie que con enorme diferenza é mencionada en maior número de ocasións); as "herbas do campo florido" e as "herbiñas do camposanto". Estas dúas últimas series responden sen dúbida á estética romántica de revalorización das especies naturais humildes así como á frecuencia de escenarios fúnebres. Pero das oito especies máis mencionadas, cinco son árbores, destacando o carballo. Isto é coherente coa súa significación na obra de Rosalía de Castro, quen en 'En las orillas del Sar' denunciou a tala de carballos como un acto "sacrílego" e a propia importancia desta árbore na cultura galega. Por iso, tamén a sección consagrada a árbores ten un papel fundamental no herbario.

## A exposición (I)



A exposición consta de cinco seccións: rosas, herbas do campo florido, herbiñas do camposanto, árbores e “outras flores, plantas e especies comestibles”. Ademais dun panel introdutorio da exposición en roller desenrollable con soporte, cada unha destas seccións vai acompañada dun panel explicativo no que se desenvolve a importancia desa serie na obra de Rosalía, así como, en xeral, o nexo entre literatura e natureza. Cada sección consta de 8 imaxes impresas en calidade fotográfica realizadas en cartón-pluma (50x70 con colgadores). Así mesmo, elaborouse para acompañar a exposición un vídeo co recitado profesional dos versos de Rosalía e a proxección da totalidade dos pregos, para o que se dispón dun procesamiento fotográfico de calidade, levado a cabo por Miguel Fraga Vila.



## A exposición (II)



Non pretendemos facer un herbario científico, senón un herbario literario, unha auténtica homenaxe á obra de Rosalía e á unión da literatura coa natureza. Tentamos aproximarnos ao herbario que podería facer a propia Rosalía neses paseos que tanto lle gustaban e que inspiraron a súa obra.

A exposición consta de:

- 40 imaxes
- 6 roll-ups
- 1 vídeo [é precisa unha pantalla]

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO